

NORMAS DE
ORGANIZACIÓN,
FUNCIONAMIENTO E
CONVIVENCIA DO
CENTRO.



1.- INTRODUCCIÓN.....	4
2.- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.....	6
3. PROFESORADO.....	8
3.1 AUSENCIAS DO PROFESORADO	8
3.2 GARDAS	8
3.3 TITORÍAS.....	9
4.- ALUMNADO	10
4.1.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO.....	10
4.2.- DELEGADOS DE CURSO	10
4.3.- DEREITO DE REUNIÓN COLECTIVA E FUNCIÓN DOS DELEGADOS.	12
4.4.- FALTAS DE ASISTENCIA.....	13
4.4.1 Normas xerais.....	13
4.4.2 Xustificación das faltas.....	14
4.4.3 Procedemento de xustificación das faltas de asistencia.....	16
4.4.4 Perda da avaliación continua.....	16
4.5.- RÉXIME DISCIPLINARIO	17
4.5.1.-Incumprimento das normas de convivencia	17
4.5.2.- Responsabilidade e reparación de danos.....	17
4.5.3.- Conduñas contrarias a convivencia e a súa corrección	18
4.5.3.1.- <i>Tipos de condutas contrarias a convivencia</i>	18
Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:.....	18
Considéranse condutas leves contrarias a convivencia:	19
4.5.3.2.- <i>Medidas correctoras</i>	19
4.5.3.3.- <i>Graduación das medidas correctoras</i>	21
4.5.3.4.- <i>Procedemento de actuación</i>	21

4.6.- AULA DE CONVIVENCIA.....	22
4.6.1 Organización e funcionamento	22
4.6.2 Documentación necesaria na Aula de convivencia.....	23
4.6.3 Coordinación da Aula de Convivencia	23
4.7- DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.....	26
4.8 DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ABSENTISMO ESCOLAR.....	26
5.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	27

1.- INTRODUCCIÓN

A convivencia nos centros docentes constitúe en todas as sociedades desenvolvidas un motivo de preocupación crecente, que non se circunscribe unicamente aos problemas que supón o mantemento da disciplina nas aulas, senón tamén ás relacións entre o propio alumnado, o que levou a tomar conciencia da gravidade que revisten fenómenos como o acoso escolar. Pártese da convición de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo non é posible dar cumprimento aos fins da educación. Permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias. Para conseguir este obxectivo é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa -nais e pais, profesorado, persoal de administración e de servizos e alumnado-, así como da propia Administración educativa.

O obxecto fundamental deste regulamento é dotar ao centro dun instrumento eficaz para acadar as seguintes metas:

1. A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
2. A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
3. A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
4. O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos Equipos Directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corraxir as condutas contrarias á convivencia.
5. Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

6. Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

Baseado na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011 de convivencia, o regulamento dividise nos seguintes bloques:

Un primeiro de introdución onde se fai unha exposición de motivos e se marcan os obxectivos que se pretenden acadar coa regulación.

Un segundo que trata sobre o papel fundamental do profesorado na mellora da convivencia no centro, regulando de forma especial as ausencias/gardas e as actividades que se deben desenvolver nas titorías.

Un terceiro regulador da actividade dos alumnos/as, con especial mención dos seus dereitos e obrigas. Apartados específicos son a organización da Xunta de Delegados e as súas actividades, o tratamento das faltas de asistencia ao centro, e por último un apartado clave como é a regulación do réxime disciplinario de xeito análogo á lei.

Un cuarto e último bloque no que se regulan as actividades complementarias e extraescolares que se desenvolven dentro e fóra do centro.

2.- NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

1. Todos os membros da comunidade educativa teñen a obriga de entrar ao centro con puntualidade.
2. As entradas e saídas ao centro faranse pola porta do patio, excepto o luns ás 14h e ás 16h que serán pola porta principal, ademais das tardes dos martes.
3. O alumnado da ESO deberá permanecer no centro nos recreos (patio, cafetería, biblioteca), non podendo abandonalo sen unha autorización expresa do Xefe de Estudos ou dalgún membro do Equipo Directivo. Se precisan saír do centro en horario lectivo só poderán facelo con xustificación dos seus pais/nais/titores, e se ven buscalos un adulto que se faga responsable.
4. O alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos poderá saír fóra do instituto nos recreos, na/s última/s hora/s da mañá ou da tarde cando o profesor/a de garda ou algún membro da dirección lle notifiquen a ausencia do profesor/a.
5. O alumnado deberá permanecer na aula con orde e no seu lugar asignado, agardando ao profesor/a. Se pasados 10 minutos este non chega, nin tampouco o profesorado que estea de garda, o delegado/a da clase notificará a ausencia do profesor/a en Xefatura de Estudos ou ao cargo directivo de rolda. **O ALUMNADO NON PODE SAÍR DA AULA ENTRE CLASE E CLASE NIN DURANTE A HORA DE CLASE:** Os cambios de aula faranse coa maior rapidez e puntualidade posible (non hai 5 minutos entre clase e clase). Durante a clase, se non hai causa xustificada, o profesor/a non permitirá a saída dos alumnos/as. A clase non remata ata que soe o timbre.
6. Nas horas anteriores aos recreos e nas últimas horas da mañá ou da tarde: o profesor/a será o último en abandonar a aula e comprobará que a mesma quede limpa, ordenada e coas luces e equipos informáticos apagados.

7. Nos recreos non se poderá permanecer nas aulas nin nos corredores. Se as circunstancias meteorolóxicas o impiden poderase permanecer nos corredores da planta baixa. No caso de que algún alumno queira estudar nun recreo poderá facelo na biblioteca (cumprindo as normas da mesma).

8. Non está permitido o uso de móbiles, mp3, mp4, e demais dispositivos en horario lectivo e en todo o recinto escolar, salvo na hora do recreo (en que se poderán utilizar estando na cafetería e no patio).

De tódalas maneiras, está totalmente prohibida a gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

9. O alumnado debe acudir ao centro co material necesario para o normal desenvolvemento das materias.

10. Non está permitido fumar, usar cigarrillos electrónicos nen tomar sustancias prohibidas pola lei en todo o recinto escolar. Soamente está permitido comer e beber, no tempo de recreo, no patio e na cafetería.

11. O alumnado debe ter un trato respectuoso cos seus compañeiros/as, cos profesores/as e co persoal non docente do centro. Está prohibido agredir, insultar ou humillar a calquera deles, ou realizar calquera acto contrario ao principio de igualdade de trato e non discriminación das persoas.

12. As expulsións da aula débense limitar a situacións moi graves. No caso de expulsión, seguirase o protocolo de actuación fixado neste regulamento.

13. As clases deben estar ordenadas e limpas; asimesmo, os alumnos/as e profesores/as deben respectar e coidar as instalacións e o material do Centro.

3. PROFESORADO.

3.1 AUSENCIAS DO PROFESORADO

1. Os profesores/as comunicarán á Xefatura de Estudos, sempre que sexa posible, as faltas previstas para facilitar a súa substitución. Deberán anotarse no libro de gardas indicando: curso, hora, tarefas para traballar nesa hora, ou calquera indicación que estimen oportuna. A ausencia será cuberta polo profesor de garda correspondente.
2. Os profesores/as cubrirán e asinarán o correspondente documento xustificativo de faltas, para presentalo en Xefatura de Estudos á maior brevidade posible. Ademais, nos casos legalmente previstos, deberán aportar xustificación documental.

3.2 GARDAS

1. O profesor/a de garda coidará que no comezo da xornada, ou no cambio de clase, en tanto non se incorporen os profesores/as, haxa orden nos corredores e nas aulas. Durante a garda debe estar localizado, non pode ausentarse do Centro, e deberá atender as incidencias que se presenten.
2. Os profesores/as teñen a obriga de anotar no libro de gardas as faltas de asistencia e de puntualidade dos profesores habidas na súa hora de garda. Deben ademais anotar no parte de clase as faltas de alumnos/as que se produzan no grupo ao que están atendendo.
3. O profesorado de garda actuará de maneira coordinada; deberá favorecer un clima de estudo, entregando as tarefas deixadas polo profesor/a ausente se é o caso, e non permitindo outro tipo de actividades.
4. Se faltasen varios profesores/as e non houbera profesorado suficiente para atender ós alumnos/as, xuntaranse no salón de actos ou no patio.
5. Se algún alumno/a incumpre algunha norma de convivencia, o profesor/a de garda actuará coma se fose o profesor/a da materia correspondente.
6. Nas gardas de recreo deberanse ter en conta as seguintes instrucións :
 - a) O alumnado non pode permanecer nin en corredores nin nas aulas, polo que se vixiará que o 1º e 2º andar queden baleiros.

- b) Por seguridade débense controlar as actividades no patio. Está prohibido o uso de balóns de coiro.
- c) A cafetería e a súa saída ao patio deben ser revisadas periodicamente para evitar comportamentos inadecuados.
- d) O alumnado da ESO non pode saír do centro no recreo.

3.3 TITORÍAS

O Centro pretende, como obxectivo básico, fomentar a colaboración e a participación dos pais na educación dos seus fillos, aspecto no que o titor xoga un papel fundamental por ser o primeiro chanzo na relación con pais/nais e alumnos/as.

1. O profesor titor terá asignada unha hora á semana para a reunión cos pais,/nais previa solicitude por teléfono ou a través do alumno/a, para informarlles sobre todo aquilo que afecte ós seus fillos: faltas de asistencia (preferentemente a través do Mensario, Abalar móbil...), avaliación e resultados, medidas de reforzo, orientación e asesoramento, etc.
2. Ademais do titor, cada membro do equipo de profesores/as de cada grupo, dedicará unha hora semanal á atención dos pais/nais e alumnos que se lles comunicará –igual ca do titor– a principio de curso. Para un mellor funcionamento do proceso, pídese ós pais/nais que concerten cita.
3. O titor canalizará as relacións nunha dobre vía : *entre o alumnado e o profesorado*, este proporcionarlle información sobre as súas materias, ou sobre calquera outro aspecto que teña que ver coa marcha do alumno/a ou da clase. E *entre alumnado e a Xefatura de Estudos*, no relativo a faltas de conduta e medidas correctoras. El mesmo, en colaboración co resto do profesorado, poderá impoñer medidas correctivas a problemas de conduta leves.

Ademais actuará como transmisor de información sobre temas de funcionamento do Centro, actividades, avaliacións, acordos...
4. Os titores presidirán ás sesións de avaliación, procurando que a preparación previa axilice os trámites. Durante a sesión solicitarán do profesorado a máxima información posible sobre o alumnado para logo comunicarlle ós pais/nais.

5. Na primeira clase do curso, os profesores/as informarán ós seus alumnos/as, do contido da materia, temporalización, métodos, criterios de avaliación e recuperación. Un resumo de esta información estará á disposición dos alumnos/as.

6. O titor informará ós seus titorandos sobre todo o relativo á reclamacións de cualificacións, criterios de promoción..., coordinándose co que sexa preciso co departamento de orientación.

7. Consideramos tamén importante o consello e influencia do titor na elección de delegado de curso.

4.- ALUMNADO

4.1.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia no centro docente.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

4.2.- DELEGADOS DE CURSO

1. Cada grupo elixirá, en votación secreta, presidida polo titor, a comezo do curso, un delegado/a e un subdelegado/a. Ambos terán voz e voto nos órganos en que participen. Da sesión de votación levantarase acta e unha copia da mesma entregárase en Xefatura de Estudos. Ata entón, o primeiro da lista actuará como portavoz do grupo.
2. A destitución do delegado/a e subdelegado/a compete a quen os elixiu, previa comunicación á Xefatura e titores, cando incumpran as súas obrigas.

3. Empregarán a hora de tutoría para informar aos compañeiros/as e se fose urgente os primeiros dez minutos de cada clase, sempre de acordo co profesorado implicado.
4. A xunta de delegados/as poderá reunirse fóra das horas de clase, previa comunicación á Xefatura de Estudos. Pensando nunha comunicación máis fluída co Equipo Directivo e nunha maior colaboración no funcionamento do centro, fíxase a celebración dunha reunión mensual o primeiro mércores lectivo de cada mes na hora do recreo, entre o Xefe de Estudos e o Director ou persoa en quen deleguen e un representante da Xunta de Delegados por cada nivel educativo, elixido entre eles por votación, para tratar dos temas que afecten á marcha do Centro.
5. Velarán pola orde na clase en ausencia do profesorado, comunicarán as ausencias do profesorado ao profesor/a de garda e todas as anomalías advertidas na clase ao titor/a ou ao xefe/xefa de estudos.
6. Canalizarán as inquietudes do alumnado do seu curso transmitindo as súas suxestións a quen proceda.
7. Os delegados/as e subdelegados/as teñen dereito a ser respectados como representantes do alumnado por todos os integrantes da comunidade escolar.
8. Os alumnos e alumnas (individual ou colectivamente) para a comunicación de calquera asunto seguirán a orde profesor/a - titor/a- xefe/xefa de estudos- director/a.

4.3.- DEREITO DE REUNIÓN COLECTIVA E FUNCIÓN DOS DELEGADOS.

1. Recibida a convocatoria de reunión, entregáraselle aos delegados/as de cada clase. De seren os representantes do alumnado quen primeiro a reciban, estes deberán comunicarllo á dirección do centro.

2. Os delegados/as, previa autorización dos profesores/as implicados, informarán aos seus compañeiros/as da convocatoria de reunións colectivas e da súa xustificación.
3. Os alumnos/as menores de idade que queiran participar na reunión deberán recoller en conserxería a autorización para que a asinen os seus pais, nais ou titores. O día lectivo anterior, os delegados/as de cada curso presentarán na xefatura de estudos ditas autorizacións coa fin de evitar que as ausencias se consideren falta de asistencia.
4. Estes criterios só son aplicables ao alumnado do 3º e 4º da ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos. O alumnado de 1º e 2º da ESO non poderá secundar as convocatorias de reunións colectivas.

4.4.- FALTAS DE ASISTENCIA

4.4.1 Normas xerais

1. A asistencia á clase é obrigatoria.
2. Alumnado da ESO non pode abandonar o centro dentro da xornada escolar.
3. Só poderán facelo con autorización expresa dun membro do equipo directivo ou con xustificación por escrito, segundo o impreso correspondente, dos pais/nais ou responsables e sempre que un adulto autorizado os veña recoller.
4. Alumnado de bacharelatos e ciclos formativos maiores de idade poderán saír no recreo ou na última ou últimas horas da mañá ou da tarde cando o profesor/a de garda ou un membro do equipo directivo lles comuniquen a ausencia do profesor/a e lles autorice a facelo. Os menores de idade de Bacharelato e Ciclos poderán saír nas mesmas circunstancias con autorización dos pais/nais ao principio de curso.

5. Os alumnos/as agardarán ao profesorado dentro da aula. Se este non chega pasados 10 minutos o delegado/a avisará ao profesor/a de garda ou no seu defecto a alguén do Equipo Directivo.
6. As faltas por non agardar ao profesorado de garda serán contadas como NON XUSTIFICADAS.
7. A ausencia do conxunto do grupo a unha clase ou actividade terá a clasificación de falta grave e merecerá a correspondente sanción.
8. Dereito a reunións colectivas do alumnado deberá seguir o procedemento exposto no apartado das funcións dos delegados ou serán consideradas NON XUSTIFICADAS.
9. As faltas de puntualidade serán consideradas como non xustificadas.
10. O alumnado, como norma xeral, será admitido na aula.
11. As faltas de puntualidade serán contabilizadas do seguinte xeito: tres faltas de puntualidade será equivalente a unha de orde na ESO e BACHARELATOS, e nos CICLOS FORMATIVOS a unha de asistencia NON XUSTIFICADA.
12. O mesmo día en que se produza a falta de asistencia, o centro comunicará aos pais/nais ou titores legais do alumno/a, ao longo da mañá, a falta de asistencia, mediante comunicación ao móbil a través do programa "mensario"ou Abalar móbil.

4.4.2 Xustificación das faltas

A) Causas xustificables para ESO e Bacharelato:

1. Indisposicións, podendo ser xustificables ata un máximo de 2 días lectivos.
2. Enfermidade, sendo xustificable o tempo de prescrición médica.
3. CAUSA FAMILIAR GRAVE: os pais, nais ou titores legais teñen a obriga de comunicarlle ao titor/a.

4. Citacións que impliquen un deber inescusable, sendo xustificable o tempo necesario.
5. Tramitación de documentos oficiais, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario.
6. AUSENCIAS POR PERTENZA A GRUPOS CULTURAIOS OU ACTIVIDADES DEPORTIVAS: se teñen unha actividade en horario lectivo ou teñan que desprazarse, sempre que sexan debidamente documentadas e xustificadas. Estas faltas xustificaranse baixo o criterio do equipo directivo do centro.
7. REUNIÓN DAS COMISIÓN OU CONSELLO ESCOLAR: se é preciso que se celebre en horario lectivo, e será xustificada polo presidente do órgano correspondente.
8. REUNIÓN DO ALUMNO/A CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN OU EQUIPO DIRECTIVO: xustificada por quen convoque a reunión.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non. En todo caso, deberá garantirse o dereito á escolarización da alumna ou do alumno.

B) Causas xustificables para CICLOS FORMATIVOS:

- 1.- ENFERMIDADE ou accidente persoal do alumno con ou sen hospitalización durante o tempo prescrito polo facultativo, aportando xustificante médico con indicación da duración prevista da recuperación: ata un máximo de cinco días por curso escolar.
- 2.-CONSULTAS MÉDICAS: Se xustifican as consultas hospitalarias do alumnado sempre que sexan en consultas de centros públicos polo tempo indispensable, sempre con xustificación documental.
- 3.- FALECIMENTO dun familiar ata 2º grao de consanguinidade e afinidade: dous días naturais aportando xustificación documental.
- 4.-CUMPRIMENTO dun deber inescusable: citacións que impliquen un deber inescusable de carácter público ou persoal, sendo xustificable o tempo necesario.
- 5.- TRAMITACIÓN DOCUMENTOS OFICIAIS, presentación a exames e probas oficiais ou similares, sendo xustificable o tempo necesario para realizar dita proba, con xustificación documental.
- 6.-AUSENCIAS POR PERTENZA A GRUPOS CULTURAIOS OU ACTIVIDADES DEPORTIVAS: se teñen unha actividade en horario lectivo ou teñen que desprazarse, sempre que sexan debidamente documentadas e xustificadas. Estas faltas xustificaranse baixo o criterio da comisión de avaliación.

7.-REUNIÓN DAS COMISIÓNS OU CONSELLO ESCOLAR: se é preciso que se celebre en horario lectivo, e será xustificada polo presidente do órgano correspondente.

8.-EXERCICIO DO DEREITO DE REUNIÓN COLECTIVA: cando exista convocatoria oficial e comunicación 48 h de antelación en xefatura de estudos.

No caso de faltas de asistencia a clase do alumnado non contempladas no apartado anterior, quedará a criterio da dirección do centro educativo a consideración das excepciónais circunstancias que concorran para a súa xustificación ou non.

4.4.3 Procedemento de xustificación das faltas de asistencia.

O centro disporá dun modelo de xustificación de faltas do alumnado a disposición dos mesmos na conserxería do centro, que deberá ser cuberto e entregado ao profesor/a titor/a.

4.4.4 Perda da avaliación continua.

1. Alumnado de CICLOS FORMATIVOS perderá o dereito á avaliación continua ao chegar ao 10% de faltas SEN XUSTIFICAR.

2.Cando isto suceda o alumnado de ciclos será avaliado segundo a normativa vixente.

3.Ao acadar o 6% de faltas sen xustificar da carga lectiva da materia nese curso, notificarase mediante carta certificada aos pais/nais/responsables do alumno/a (de ser menor de idade) e ao alumno/a a situación e a posible perda da avaliación continua.

4.Chegados ao límite do 10%, a perda producirase de xeito automático e notificarase polo mesmo procedemento.

- ❖ Aspectos a ter en conta: perante as xustificacións hai que recordar aos alumnos/as que a suplantación de personalidade e a falsificación da sinatura é unha FALTA GRAVE merecedora da correspondente sanción.

4.5.- RÉXIME DISCIPLINARIO

Ante a comisión de algunha acción que altere a boa convivencia no centro aplicarase o seguinte procedemento para a súa corrección:

4.4.1.- Incumprimento das normas de convivencia

1. Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.
3. As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación deste regulamento.

4.5.2.- Responsabilidade e reparación de danos

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións, aos materiais e calquera elemento de talleres dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste apartado é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

4.5.3.- Conduas contrarias a convivencia e a súa corrección

As condutas contrarias á convivencia clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia. Así mesmo, cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á Dirección do centro para a súa remisión á Inspección Educativa e ao Ministerio Fiscal, podéndose tomar as medidas cautelares que se consideren oportunas.

4.5.3.1.- Tipos de condutas contrarias a convivencia

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

ll) A ausencia do conxunto do grupo a unha clase ou actividade.

Considéranse condutas leves contrarias a convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do apartado anterior, QUE POIDAN SER CONSIDERADAS LEVES (remitirse ao punto 4.5.3.3).

b) A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) Utilización de móbiles ou calquera outro dispositivo electrónico que perturbe o bo funcionamento do centro.

f) Utilización de gorras ou calquera outra prenda que impida a correcta identificación do alumno/a.

4.5.3.2.- Medidas correctoras

Para a resolución dos conflitos de convivencia establécese un procedemento conciliador chamado “mediación escolar”. A participación do alumnado ou dos seus

representantes legais ten carácter voluntario, por solicitude destes, e esixe o compromiso de cumprimento das accións reparadoras. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conduta contraria á norma de convivencia. No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instrutora e dunha persoa mediadora.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes (mediante instrución de expediente disciplinario). Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

As condutas leves contrarias á convivencia poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Amoestación privada ou por escrito.

b) Abandono da aula e incorporación do alumno/a a aula de convivencia.

c) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes.

d) Realización de traballos específicos en horario lectivo.

e) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

f) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.

g) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.

h) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

4.5.3.3.- Graduación das medidas correctoras

Para a graduación das medidas correctoras tomaranse en consideración os seguintes criterios:

a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, se é o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.

c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, das súas imaxes ou da ofensa.

d) A natureza dos prexuízos causados.

e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, se se trata dun alumno ou alumna, por razón da súa idade, de recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia.

4.5.3.4.- Procedemento de actuación

a) O profesor ou profesora que detecte unha conduta contraria a convivencia reflectirá a mesma en dous partes (no parte de aula e no seu propio).

b) Ás tres faltas de orde dun alumno/a cun mesmo profesor/a implican que este deberá notificar ao titor/a o feito a través dun parte de incidencias do que o titor/a entregará copia na xefatura de estudos.

c) O titor/a cando reciba un parte de incidencias deberá notificalo por carta aos seus pais/nais ou titores legais e poderá aplicar as medidas correctoras propias deste regulamento.

d) O titor/a cando reciba o segundo parte dun alumno poderá ademais:

- Propoñer á Xefatura de estudos a non participación en determinadas actividades extraescolares ou complementarias dese alumno/a.

- En todo caso a Xefatura de estudos recibirá do titor/a fotocopia de cada un dos partes de incidencia que recepcione dos seus titorandos.

e) Con independencia da valoración individual de cada parte, a acumulación de tres partes de incidencia será considerada como unha falta grave.

4.6.- AULA DE CONVIVENCIA

1. A Aula de Convivencia pretende ser un lugar de reflexión para o alumnado con problemas conductuais que imposibilita ó profesorado dar a súa clase e, o mesmo tempo, un lugar de permanencia para o alumnado que se sanciona con esta medida, tras ter un comportamento negativo de forma continuada.
2. A Aula de Convivencia debe colaborar e axudar ó profesorado na consecución dun bo clima de traballo nas aulas.
3. Pretendemos que o procedemento sexa simple e eficaz.

4.6.1 Organización e funcionamento da aula de convivencia

a) A Aula de Convivencia está destinada ó alumnado que como consecuencia de condutas contrarias ás normas de convivencia son derivados a dita aula durante o tempo restante desa clase.

b) A Aula de Convivencia será utilizada de forma excepcional. O profesor deberá valorar se a derivación é o único recurso que queda para reconducir a situación e volver a un clima correcto no desenvolvemento da clase.

c) O número máximo de alumnado que poderá ser atendido en cada sesión será de 5 alumnos. En caso de que a aula estea completa, o alumno/a volverá a clase e quedará a criterio do profesor/a aplicar esta medida noutro momento.

d) Os pasos a seguir serán os seguintes:

1. O profesor/a cubrirá un Parte de Incidencias (modelo específico para isto), indicando as causas e as tarefas que debe facer o alumno.
2. O alumno/a con mal comportamento irá acompañado polo delegado/a de clase á Aula de Convivencia, que se encargará de deixar a cargo do Profesor/a responsable da aula nese momento tanto o parte de incidencias como o alumno/a.
3. O alumno/a non pode chegar á Aula de Convivencia se non trae especificadas as tarefas a realizar.
4. Ademais de ditas tarefas, o alumno/a poderá traballar outros materiais específicos relacionados coa súa problemática conductual.
5. O profesor/a de garda na Aula de Convivencia será o encargado de realizar o seguimento das tarefas a realizar polo alumnado e de anotar nun Caderno de Asistencia o alumnado que chega. No parte de incidencias de Aula de Convivencia disporá dun cadro no que deberá indicar se o alumno non traballa ou ten mal comportamento na AC.

4.6.2 Documentación necesaria na Aula de convivencia.

1. Partes de Incidencia.
2. Caderno de Asistencia da Aula de Convivencia, por xornada.
3. Libro con orlas de alumnos.
4. Material específico a propoñer polo Departamento de Orientación (hábitos de convivencia, habilidades sociais...)
5. Carpetas de material didáctico dos distintos departamentos, con fichas adecuadas para que calquera profesor de garda poda poñerlle traballo. Necesítase sobre todo material de 1º e 2º da ESO.

4.6.3 Coordinación da Aula de Convivencia

O Equipo Directivo nomeará a un “Coordinador da Aula de Convivencia”, cun tempo de redución horaria para desenvolver as seguintes tarefas:

1. Coordinar a todo o profesorado de garda.
2. Vixiar que a Aula de Convivencia conta con todo o material e documentación necesaria.
3. Coordinarse co Equipo Directivo e o Departamento de Orientación.
4. Analizar os datos e extraer conclusións.

Reunións do coordinador:

DESTINATARIOS	PERIODICIDADE	CONTIDO
Equipo Directivo	Diario	Informar sobre o funcionamento da medida
		Decidir que se fai co alumnado reincidente
Departamento de Orientación	Semanal	Preparación do material para a aula
		Intervención con alumnado reincidente
Profesorado de garda	Mensual	Unificación de criterios
		Seguimento das actuacións
		Análise de datos e conclusión
		Análise de actuación con alumnado que presente un comportamento concreto.

4.7.- DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR.

Ante a detección dun acoso escolar o centro, a través do seu Xefe de Estudos, procederá conforme ás instrucións do 17 de xuño de 2013 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, aplicando o que establece o Protocolo Xeral de Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e o ciberacoso.

4.8- DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ABSENTISMO ESCOLAR.

Ante a detección dunha situación de absentismo escolar ,o centro procederá conforme ás Instrucións do 31 de xaneiro de 2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación educativa polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.

Cada profesor rexistrará na aplicación informática Xade as ausencias ou faltas de puntualidade do alumnado, ao comezo de cada clase. A xustificación das mesmas faraa o profesor titor na ESO e en Bacharelato e cada profesor en Ciclos formativos. O profesor titor deberá comunicar ás nais, pais ou persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado menor de idade, ou ao propio alumno/a se é maior de idade as faltas de asistencia a clase de cada mes, dentro dos primeiros cinco días naturais do mes seguinte e diferenciando as faltas xustificadas das non xustificadas.

A efectos de aplicación do citado protocolo é convinte suññar que todas as comunicacións ou citacións que sexa oportuno realizar faranse por escrito entregándoas persoalmente á persoa destinataria ou por correo certificado, quedando debidamente rexistrada unha copia das mesmas no noso centro.

Así mesmo, se fai constar que o Plan Xeral de Atención á Diversidade, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Convivencia e o Programa de Acollida do centro recollerán actuacións específicas para atender á diversidade, facilitar á incorporación do alumno ao centro, á colaboración das familias e todas aquelas actuacións que fagan realidade a presenza do alumnado no centro educativo e a súa participación activa no proceso de aprendizaxe.

5.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

1. Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, diferéncianse polo momento, espazos ou recursos que utilizan.
2. Terán carácter de extraescolares aquelas que se realicen fóra do horario lectivo. A participación será voluntaria.
3. Tódalas actividades planifícanse de xeito que o custo económico non lles impida asistir á maioría dos alumnos. Deben considerarse preferentes as actividades de pouca duración e pouco custo e dirixidas ao maior número de alumnos/as posible.
4. Só as actividades gratuítas poderán ser declaradas obrigatorias e avaliábeis.
5. Cada departamento será o responsable de organizar e realizar as súas actividades. O Xefe do Departamento de actividades complementarias e extraescolares debe estar informado nun prazo mínimo de 15 días hábiles antes de realizarse a actividade de:
 - a. alumnos/as aos que vai dirixida
 - b. departamento responsable
 - c. horario da actividade
 - d. profesores/as do departamento o do grupo acompañantes
 - e. alumnado que participe nas actividades complementarias e extraescolares fóra do centro contará coa autorización por escrito dos pais/nais ou tutores legais, deben acatar as condicións de dita actividade así como cumprir as normas de comportamento do instituto. Irán acompañados polo menos por un profesor/a do centro.
6. Deben incluírse nas programacións de curso de cada departamento.
7. As actividades complementarias e extraescolares non previstas ao principio de curso deberán ser aprobadas polo Consello Escolar.
8. Con carácter xeral as actividades non deben programarse nos quince días anteriores ás avaliacións. En 2º de bacharelato non deben realizarse actividades no terceiro trimestre.

9. Os alumnos/as que non participen na actividade complementaria ou extraescolar, deben asistir ao instituto e serán atendidos polos profesores/as conforme ao seu horario.
10. Poderase solicitar unha fianza nas actividades.
11. O profesorado que, ante unha actividade complementaria ou extraescolar, quede exento de dar clase cumprirá o seu horario facendo labores complementarias do centro.

As normas de organización e funcionamento de centro foron aprobadas polo Claustro de profesores e polo Consello escolar, celebrados o día 12 de decembro de 2018.